

Educación financeira en 2º ESO.

¿Por qué estudamos finanzas?

A materia persegue formar cidadás e cidadáns capaces de comprender a importancia de adoptar decisións acertadas sobre a súa economía persoal. Unha mellora na formación financeira permitiralles ás persoas acadaren o obxectivo de seguridade financeira, limitaren o risco de perdas patrimoniais, e previren o endebedamento excesivo e a exclusión financeira.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financiera.

Emprégase unha metodoloxía lúdica e participativa que procura o asentamento dos aspectos básicos relacionados coas finanzas persoais.

A materia de 4º de ESO distribúese en tres bloques:

- O primeiro fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento.
- O segundo céntrase na planificación financeira persoal e familiar.
- O terceiro trata a xestión do diñeiro e contas bancarias, así coma outros medios de pago.